

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE COSPEITO NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA A REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE COSPEITO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde asinou o día 31.08.2023 co Concello de Cospeito o instrumento convencional arriba referido, que entrou en vigor o día da súa sinatura e estará vixente ata o 29.12.2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Cospeito para a reforma do centro de saúde, propiedade do concello.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración.

De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 e) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación.

Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións públicas mediante formulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que, neste caso, se concreta no presente convenio de colaboración.

A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicadas á atención asistencial á cidadanía no Concello de Cospeito, faise necesario reformar o seu centro de saúde.

Conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante as obras de reforma no dito centro de saúde (consistentes no pintado da fachada e marquesiña de acceso e protección da entrada; revisión e arranxos de canlóns e substitución de baixantes; e preparación de pista de acceso lateral ao edificio e de plataforma de aparcamento para o persoal do centro), é necesario a concorrencia de medios e achegas de ambas as dúas partes interesadas, polo que é preciso determinar o contido da dita colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

